


EL PROGRESO

ESCOLA dEPrensa



CEIP ROSALÍA DE CASTRO DE LUGO
EQUIPO SALCHIPAPAS DE 5º B

Lugo, sumouse ao resto de cidades españolas e celebrou o día mundial do comercio xusto

EDUCACIÓN 27

Non é maxia, é ciencia!!!

A ciencia está por todas partes, bota unha ollada á túa ao redor e seguro que che xorden unha chea de preguntas achega do mundo, por que o ceo é azul?, como é posible que os barcos floten e os clips non? ou que causa as ondas no mar? A ciencia busca respostas a todas esas preguntas dunha forma razoada e organizada, utilizando un proceso chamado método científico.

Lugo aspira a ser a primeira cidade galega por un "comercio xusto" 10

GALICIA 4,5

O DÍA DAS ARTES CELEBRA A MARUJA MALLO, A GRAN VANGARDISTA GALEGA

LOCAL 14

LUGO, UNHA CIDADE TURÍSTICA E ACOLLEDORA: PERCORRIDO POLO MAIS SIGNIFICATIVO DA NOSA CIDADE

CIENCIA E SOCIEDADE 21

O ÁRTICO DESAPARECE POUCO A POUCO

CIENCIA E SOCIEDADE 26

OS ROBOTS DO FUTURO: DE MÉDICOS A ARMAS DESTRUTIVAS

EDUCACIÓN 28

FIDGET SPINNER, EL JUGUETE DE MODA ENTRE LOS ESCOLARES

DEPORTES 29

CARREIRA SOLIDARIA PARA "SAVE THE CHILDREN"



David Calvo Fernández, vulcanólogo en el Observatorio vulcanológico de Canarias. Al fondo, el volcán Tambora. Foto propia

<<El miedo es necesario para evitar cometer errores o ir demasiado lejos cuando estás en un volcán activo" 18,19


AS MULLERES ESQUECIDAS DA CIENCIA

Eclipsadas polos homes da súa contorna, moitas científicas permaneceron na sombra durante moitas décadas. Recuperar o seu nome é importante por xustiza, para crear modelos actuais e para acabar coa discriminación que aínda

existe S.C 24,25

NUEVO ENVASE TETRA EDGE
Con Tapón producido por la propia máquina, por consiguiente: más higiénico, más seguro y más económico.

LEYMA natura



ARQUITECTURA POPULAR GALEGA

A nosa comunidade conta cun rico patrimonio na arquitectura tradicional, fundamentalmente, no entorno rural.

5ºB / LUGO

As construcións máis representativas da arquitectura popular galega son as seguintes: O cruceiro é un dos monumentos populares máis representativos de Galicia. Ten un marcado carácter espiritual. Soe situarse no centro dalgúnhas prazas e encrucilladas, como referencia inequívoca e ostentando certo gran de solemnidade. Moitos deles foron construídos por persoas ou pobos, por algunha promesa, como pago dalgún favor recibido. Consta dunha plataforma, pedestal, fuste, capitel e cruz. En ocasións aparece a cruz núa, sen ningún tipo de figura, pero xeralmente predomina a imaxe do Cristo crucificado, que pode ir acompañado doutras personaxes e elementos bíblicos.

O peto de ánimas é unha pequena construción de pedra alusiva as ánimas que vagan polos camiños e non atopan o descanso no purgatorio. Dispón dunha hucha na que se poden introducir moedas en favor das almas errantes, para que descansen definitivamente no ceo. Unha vez alí, intercederán por quen realizou o donativo. Só o peto, que representa ás almas en pena, soe aparecer a cruz núa ou con Cristo triunfante.

O hórreo O hórreo ou cabaceiro é unha construción de singular importancia pola súa fermosura, que caracteriza a paisaxe galega. Ten a importante función de servir coma secadoiro e almacén do gran dende a prehistoria. Experimentou un maior desenvolvemento a partir da introducción do millo en Galicia, no ano 1604, polo almirante Gonzalo de Castro e a súa muller Magdalena de Luaces. En ocasións aparece illado, nun espazo preto da casa labrega, pero a maior parte deles soen agruparse na eira, formando un



Muiño dos Chancís (Río Xábrega). Galicia Máxica



Pazo de Sistallo. Cospeito (Lugo). Foto propia

conxunto arquitectónico de indubidable interese.

Os muiños de auga, parte en uso e parte en estado case ruinoso, desenvolveron unha importante actividade na elaboración de fariña para o consumo humano e animal. O tamaño e a forma poden variar, pero todos eles dispoñen da súa canle, gradilla, cubo, canetón, pechadoiro, rodicio, aquillón e rá, mesa,

tempero, veo, traque, moa, pe, quenlla e moxega.

As pallozas, típicas da zona dos Ancares (provincia de Lugo), son construcións circulares ou elípticas, realizadas en pedra, madeira e palla de centeo (colmo), destinadas a vivenda, corte e almacén. Son das máis primitivas vivendas de Europa e datan das épocas prerromanas.


A casa labrega tradicional soe ter

paredes de grande grosor, construídas con pedras de distintas formas e tamaños. Normalmente ten forma irregular, debido a que as condicións propias do lugar sobre o que se asenta condicionaron a súa construción e a que experimentou ampliacións ó longo dos anos, para acomodarse ás necesidades. A planta baixa está ocupada polo patio, as cuadras, o galiñeiro, algún

palleiro, a leñeira, o depósito de apeiros e en moitas ocasións tamén aparece a lareira. Na planta alta sitúanse as habitacións, a cociña de ferro, a despensa, as salas, galerías e o corredor. Moitas das dependencias dispoñen de alacenas labradas nas paredes para gardar aparellos.

As vivendas mariñeiras son as casas situadas en poboacións costeiras na zona das rías galegas nas provincias de Pontevedra e da Coruña. Son estreitas construcións de dúas plantas nos baixos das cales hai soportais e locais para garda-los aparellos de pesca. Na planta alta está a vivenda con galerías de cristal, corredores de madeira ou patíns de cantería.

O pazo é a casa solariega galega, situada no campo, de maior tamaño e ostentación que a casa labrega. Algúns pazos son señoriais e suntuosos, debido a que pertenceron á nobreza galega, mentres que outros son máis rústicos e corresponden a acomodadas familias agrarias.



QUE EMPECE A FESTA!!

O Entroido (también chamado Antroido o Introido, entre outras denominacións), é unha celebración de longa tradición popular, sobre todo na provincia de Ourense. E hoxe goza de moi boa saúde, aínda que algúns ritos e peculiaridades se perdesen e outros están en proceso de recuperación.

MARCOS ROCA/LUGO

O Entroido é celebrado en toda Europa dende épocas descoñecidas. Non se sabe con certeza a súa orixe, algúns pensan que vén da tradición celta, outros afirman cós comezos desta festa, pódense atopar na adoración a Baco ou Dionisos. Coa chegada do cristianismo, moitas das festas pagás, que eran antigamente celebradas foron tomadas e cristianizadas. Deste xeito, esta celebración que tiña posiblemente o seu significado na despedida dos longos e duros días do inverno, mesturouse coa despedida da carne antes do período de abstinencia da Coresma que comeza no día mércores de Cinza (é dicir "corenta días antes do domingo de Ramos).

As orixes das palabras que denominan a esta festa son: o termo "Carne Vale" (é dicir "o adeus á carne"), do que despois derivou a palabra "Carnaval"; ó termo "Introitum" (que significa "a entrada á Coresma!") do que vén a palabra "Entroido" ou "Antroido". O entroido fai referencia a unha época de "carne", tomando o sentido literal da palabra. O Entroido quere significar, dende sempre, a volta ó mundo do revés, a subversión, a ruptura das convencións sociais e o cambio de roles. As características comúns destes días son o comer, beber e cantar, rirse do máis sagrado, é dicir, as cousas que non se fan habitualmente.

O Entroido subsiste debido a que é unha festa que invita á participación de todos, sen prexuízos nin distincións. O anonimato que proporcionan as máscaras e os disfraces é un dos seus principais atractivos, pois permítelle á xente facer máis cousas que ó acostumado. En Galicia o Entroido celébrase dende sempre. Existen manifestacións dunha moi fonda tradición e que aínda perduran hoxe, especialmente na provincia de Ourense, e nalgúns partes de Lugo, mesturando esas tradicións ancestrais con outros elementos máis novos.



Entre os chamados "ritos de grupo" (a súa orixe e significado é descoñecida) pódense citar: Os Cigarróns que son personaxes enmascarados e adornados (coma en Verín), as Pantallas que amolan ós viandantes con dúas vexigas cheas de aire (moi común no Entroido de Xinzo da Limia), os distintos Peliqueiros (coma en Laza), personaxes que se distinguen pola súa animalización: non falan, levan chocas coma os animais, zorregan á xente e levántanlle a saia ás mulleres, animais como pode ser

unha vaca, o burro ou o galo, xa sexa reais ou simulados simbolizan o Entroido en si e interveñen na festa, ben para ser burlados e escarmentados, ben para actuar activamente facendo falcatuadas; os Correos, que van pola veciñanza ofrecendo cós Xenerais "canten" a cada unha das casas a cambio dunha doazón, os Xenerais, vistosamente disfrazados con sombreiros, medallas e fitas que lembran de xeito choqueiro os uniformes do século XIX.

Os disfraces no medio rural sempre foron moi variados, a súa simbolización é a da volta ó mundo do revés... Por iso hai homes vestidos de mulleres e mulleres vestidas de homes, de curas ou monxas... Moitas veces os que non tiñan disface, vístense coa roupa do lado do revés.


No Entroido todo está permitido. Son moi comúns os discursos coma os testamentos, os chamados Entroido en Vilaríño arranques ou as coplas, que son sátiras da realidade e de feitos sucedidos durante o ano,

incluíndo ós referidos ós veciños e ás institucións públicas.

Dende o século XIX, comezou a celebrarse nos liceos de cidades e vilas un entroido máis burgués, con disfraces e bailes máis elaborados. Xa no século XX, e durante a época da guerra e da posguerra o entroido foi perseguido, polo que algunhas das tradicións perdéronse. Pero, dende os anos 70 deu comezo un proceso de recuperación destas tradicións máis ancestrais, tanto nas aldeas coma nas cidades; nestas últimas con desfiles, concursos e disfraces nas rúas acompañados con música.

Pero o que sempre primou do Entroido, e o espírito de crítica contra todo, e a posibilidade de dicir esas cousas con ton de sátira.

Dentro da filosofía do Entroido está a de comer e beber ata o límite. En Galicia a comida sempre foi un elemento fundamental, sendo as máis tradicionais as filloas, a cachucha, a bica, as orellas a androlla ou tamén os doces, os chourizos, o lacón ou o caldo que son consumidos en masa e son ideais para estas datas do inverno



DOS MÁSCARAS.

O Día das Artes celebra a Maruja Mallo, a gran vangardista galega

Vangardista, moderna, comprometida e, sobre todo libre. O Día das Artes Galegas celebra e reivindicou este 1 de abril pasado, a vida e a obra de Maruja Mallo, a universal pintora galega nada en Viveiro en 1902.

LAURA, NOA E MIREIA / LUGO

Nada en Viveiro, a profesión do seu pai -funcionario de aduanas- levouna a residir en distintas provincias españolas até a definitiva instalación da familia en Madrid en 1922. Anos máis tarde ingresa na Academia de Belas Artes e empeza a relacionarse coa nova xuventude de poetas e artistas que irrompen na escena española, algúns deles conformarían a Xeración do 27. Coñece a Salvador Dalí e á poetisa Concha Méndez, que a introducen no círculo da Residencia de Estudiantes, onde estreita lazos de amizade e camaradaría con Lorca, Buñuel e en especial con Rafael Alberti, co que mantén unha relación amorosa importante e longo tempo silenciada tanto na súa biografía como na do poeta. Concha Méndez e Maruja



Album de mulleres

pasearon por Madrid como mulleres modernas e emancipadas, manexando bicicletas, facendo deporte, asistindo aos cafés, a eventos literarios ou a verbenas

populares. Nestes anos, Maruja crea a súa propia linguaxe artística, atenta aos ecos das distintas vangardas que empezan a chegar a España -futurismo, surrealismo, cine- e cos ollos

abertos á arte popular. Mestura todo coa súa particular interpretación.

En 1928 Ortega y Gasset lle brinda os salóns da Revista de Occidente para realizar a súa primeira exposición, se converte entón nunha das protagonistas da tensión creadora que se viviu en España dende os derradeiros anos vinte até a Guerra Civil. A finais de 1928 pasa por unha inflexión e un acercamento particular cara ao surrealismo froito dos seus avatares persoais e da relación que establece con Alberto Sánchez e Benjamín Palencia. Baixo o nome da Escuela de Vallecas percorrerán as paisaxes desapacibles e duras que rodean Madrid, as zonas finais do urbano e o inicio do contorno rural. Atraíanlle, segundo as súas propias palabras, "os espazos cubertos

por cinzas, as superficies inundadas polo limo habitadas por vexetais ásperos, cloacas empurradas polos ventos, campanarios atropelados polos vendavais". Até 1931 explora este tipo de paisaxes que darán lugar á serie "Cloacas e campanarios", que compaxina con colaboracións en escenarios teatrais, coa realización de debuxos para a portada da Revista de Occidente e o deseño de cubertas de libros.

No 1931 viaxa a París, acompañada do seu pai, onde permanece varios meses e expón a súa obra. Numerosos intelectuais e artistas como Picasso e André Bretón visitan e acollen con entusiasmo a mostra. O seu regreso a Madrid, a finais de 1932, supón un novo xiro no seu estilo. As súas novas series "Arquitecturas minerais", inspiradas en pedra, e

"Arquitecturas vegetais", poboadas por estrañas froitas, son teas que aínda que manteñen a sobriedade cromática someten agora as súas formas a esquemas xeométricos. Durante esta época combina o seu traballo artístico cunha intensa actividade de compromiso coa República.

Previo ao estalido da Guerra Civil, no 1936, realiza una obra clave para o período artístico que desenvolverá ao outro lado do Atlántico: "La sorpresa del trigo". Este cadro mural, primeiro da serie "La religión del trabajo", presidirá a súa derradeira exposición en España, promovida polo grupo ADLAN. A Guerra Civil sorpréndea en Galicia, onde viaxa coas Misiones Pedagógicas, e aquí permanece até 1937. Este mesmo ano, tras embarcar en Portugal, chega ao porto de Bos Aires onde é recibida como unha artista de renome. Dará numerosas entrevistas e conferencias, escribe artigos e realiza a súa obra pictórica "Arquitectura humana", debedora de "A sorpresa do trigo". Seguirá traballando en lenzos que compoñen un amplo ciclo dedicado a dous temas principais: o mar e a terra. Viaxa moito por Latinoamérica. En Chile coincide co seu amigo Pablo Neruda. En 1942 Ramón Gómez de la Serna e Atilio Rossi dedícanlle un libro editado pola Editorial Losada. No tocante ao traballo artístico realiza varias series: "Retratos bidimensionais" sobre rostros femininos de fronte e perfil, imaxes planas e prototípicas; "Bailarinas"; "Máscaras"; esquemáticos debuxos reunidos en "Arquitecturas" e, finalmente, "Naturezas vivas", variacións sobre estraños seres zoomórficos inspirados na xeoloxía e na fauna sudamericana.

Mentres a ditadura de Franco se instaura en España a obra de Maruja Mallo é ocultada pero, pola contra, é recibida en Sudamérica con honras acordes á súa sona que acadara nos anos previos. Conferencias, homenaxes e actos públicos salfiren uns



Arquitectura humana



Verbena.1928

anos de exilio que foron tamén de enorme creatividade. Mallo sería unha exiliada ata 1961, cando retorna a Madrid, onde tras trinta anos de ditadura é case unha descoñecida para o público, se ben esa ocultación é detectada "pola crítica máis nova", que a valora especialmente.

A súa obra é cada vez máis valorada por galeristas e críticos, especialmente a crítica española máis nova, que ve nela a encarnación dunha vangarda ocultada polo franquismo. Tras a morte de Franco chegalle o recoñecemento total; a súa

culminación podería establecerse na Medalla de Ouro de Belas Artes, no 1982, e na exposición antolóxica que en 1993 lle dedica, entre unha forte polémica polo inadecuado do momento, o Centro Galego de Arte Contemporánea. Para entón Maruja está xa moi enferma. Encamada, rodeada de postais e recordos, morre o 6 de febreiro de 1995 na residencia de anciáns Menéndez Pidal de Madrid.

Mallo foi, ao cabo, subliña a Academia de Belas Artes, unha das inspiradoras do "concepto de nova muller". Unha


creadora "poderosa, irreverente, valente, atrevida" e "coprometida cos ideais de liberdade que a levaron ao exilio".

Foi pintora, pero tamén escribiu, traballou a cerámica, a escenografía ou o mural. En Galicia, no entanto, a súa primeira gran exposición non chegaría ata 1993, cando a súa obra foi exposta no Centro Galego de Arte Contemporánea, se ben o seu delicado estado de saúde non lle permitiu presentala como desexaba

Mallo é a primeira muller protagonista do Día das Artes Galegas, logo de mereceren esta honra o Mestre Mateo e Castelao.

A Academia de Belas Artes elixiuna pola "importante significación do seu legado e da súa obra plástica, o seu contacto con artistas escritores e intelectuais como Dalí, Lorca, Bretón ou Eluard, e a súa integración nas vangardas, así como o seu carácter transgresor e defensa dos dereitos da muller".

Estes días a súa figura volve brillar nun país no que aínda non é abondo coñecida e cuxa figura sufriu un proceso de "desconxelación continuado", segundo a xornalista e biógrafa Carme Vidal, que comezou en 1993 coa mostra monográfica de Mallo que inaugurou o CGAC.



Mural de Ferreira de Pantón: "Fillas de xacias". Pintado na parede do colexio público Monte Baliño.

Os "homes peixe" do río Miño

A Ribeira Sacra, o río Miño ó seu paso polos municipios lucenses de Chantada, Pantón e O Saviñao, moi ben puido ser o berce dos míticos homes-peixe, a lendaria raza dos xacios, uns seres acuáticos con forma humana que tanto podían vivir nas profundidades do río como en terra firme. A lenda dos xacios foi recollida por diversos autores, entre eles Fermín Bouza Brey, que lle dedicou boa parte do seu discurso de entrada na Real Academia Galega

5ºB / LUGO

No último tramo do río Miño, preto da súa confluencia co Sil, era o lugar onde vivían os xacios, lendaria raza metade peixes, metade humanos que tanto podían vivir nas profundidades do río como en terra firme.

A existencia destes xenios protagonistas dos mitos das augas fluviais en Galicia foi recollida, a principios do século pasado, por Ramón Castro, cura párroco de Vilar de Ortelle, nas terras altas de Pantón, na súa Apunta histórico descritiva da parroquia de Vilar de Ortelle, un pequeno compendio de cultura inmaterial, editado en 1929.

Esta singular publicación, segundo algúns estudosos, foi a que inspirou boa parte do capítulo da mitoloxía da auga, da excepcional obra Etnografía e folclore de

Galicia, do recoñecido etnógrafo e polígrafo galego Fermín Bouza Brey.

Os ríos foron venerados polas culturas primitivas, xa que representaban na mitoloxía hídrica, á vez, enerxía creadora e poder de destrución. E desde antigo estiveron poboados por seres fantásticos.

Os xacios foron uns deles e segundo relata o cura de Ortelle, eran unha especie de criaturas anfíbias, de aspecto humano, que tanto podían morar na auga como na terra firme.

De feito, a principios do pasado século, as lendas de encontros e ata matrimonios entre xacios e humanos aínda estaban moi estendidas no acerbo cultural das pobos ribeiregos do Miño. Ramón Castro recolle unha desas lendas, na que un mozo de Ortelle que pescaba no Miño atopou unha fermosa

Xacia ao pé do castro de Marce. A muller pediulle que se a levaba a bautizar podería casar con ela e así o fixeron.

Pero os fillos habidos do matrimonio mostraban un desmedido gusto pola auga e sempre estaban bañándose no Miño ou en calquera arroio que atopaban ó seu paso. O pai, farto desa situación, rexeitouno. Discutiu tamén coa súa muller e a infelicidade reinou naquel fogar.

A xacia, desencantada da súa vida co humano, regresou ós pozos do Miño, pero os seus conxéneres matárona e despezaaron por bautizarse. O mozo, arrependido da súa actitude, foi buscar a súa muller peixe, pero xa só achou os seus restos flotando na auga do Miño



O río Miño, preto de Ortelle, onde segundo a lenda, vivían os homes peixe.

Fonte El Correo Gallego

Halloween e o ano novo celta en Galicia

O nome de "Halloween" ven do intento de cristianizar esta festa pagana, concretamente cando no ano 830 o papa Gregorio IV dedicou unha capela da igrexa vaticana a "Tódolos Santos" o día 1 de novembro, mudando así a festa que antes se viña celebrando no mes de maio

5ºb / lugo

Ainda que as orixes máis lembradas da festa son americanas, a verdade é que até 1845 o Halloween non foi celebrado naquel país, alomenos dun xeito aberto. Os "pais pelegríns" dos Estados Unidos, imbuídos pola súa fervenza relixiosa, ou ben descoñecían a existencia desta festa, ou ben sinxelamente prohibiron celebrala.

Pero en 1845-46 un suceso de carácter histórico ía cambiar esta posición. Foi a grande fame que aconteceu en Irlanda a causa das malas colleitas da pataca. Daquela, a illa británica estaba poboada por aproximadamente 12 millóns de persoas. Só dez anos despois a poboación era de 6 millóns, e inda hoxe non é máis grande. ¿Onde foron todos estes irlandeses? A meirande parte emigrou ós Estados Unidos, e o porto de New York converteuse nun fervedoiro de xente chegada da illa esmeralda, que traía a súa relixión (o catolicismo) e as súas tradicións como o era Halloween.

A tradición, polo tanto, non foi creada en América, senón que esta proviña de Irlanda, onde se gardaron mellor as antigas tradicións celtas e druídicas.

Orixinalmente esta festa druídica chamábase "a vixilia de Saman". O nome de "Halloween" ven do intento de cristianizar esta festa pagana, concretamente cando no ano 830 o papa Gregorio IV dedicou unha capela da igrexa vaticana a "Tódolos Santos" o día 1 de novembro, mudando así a festa que antes se viña celebrando no mes de maio. O novo día foi chamado "Día de Tódolos Santos" (ou All Hallows Day en inglés) e cedo chegou o costume de chamar á tardiña antes "All Hallowe'en", que acurtado é HALLOWEEN.

Pero o feito importante é que a



Fonte Arquehistoria



cristianización desta festa celta fracasou, mentres que noutras festas coma Pascuas ou o Nadal o pobo esqueceu a verdadeira orixe da festa, co Halloween foi ó contrario. En efecto, a celebración orixinal non se chamaba Halloween, senón SAMAN, SAMAIN ou SHAMHAIN (a verba pronúnciase "xao-in"), e comezou moito antes de Cristo entre os antigos pobos celtas. Para os historiadores cristiáns, os celtas

observaban uns rituais no fin do verán e facían sacrificios a Samaín, que era o seu deus da morte e dos malos espíritos. Con esta festa sinalábase o comezo do novo ano celta.

Estes historiadores afirman que o deus dos druídas chamábase Saman, Samana, Shamhain ou Samhain, e que esta festa era chamada "a vixilia de Saman". A moderna versión deste deus é ese macabro esquelete cunha

fouce na man que sen dúbida veríades algunha vez nas películas. O esquelete é coñecido hoxe entre os americanos coma the grim reaper (o segador macabro).

Segundo outras fontes, os celtas consideraban o día 1º de novembro porque as follas comezaban a caír, facíase de noite antes e a temperatura baixaba. Eles crían que Muck Olla,

o seu deus do sol, estaba a perder forza porque Samhain, señor da morte, estaba a vencelo. Ademais, crían que o 31 de outubro Samhain xuntaba os espíritos de todos aqueles que morreran durante o ano anterior. Até entón eses espíritos estarían presos nos corpos dos animais, como castigo polos seus pecados.

Na véspera da festa de Samhain, ou sexa, o 31 de outubro, ós espíritos se lles permitía regresar ós seus fogares para visitar ós vivos. E para protexer á xente, os druídas dirixían ó pobo en ceremonias diabólicas de adoración de cabalos, gatos, años negros, bois, etc. Todos eles, incluíndo algúns seres humanos, eran arroxados ó lume e ardían na fogueira, para aplacar a Samhain e evitar que os espíritos sufrisen danos.

Os druídas serían bruxos, practicantes de relixións escuras. No século I a.C. César conquistou ós bretóns, e na súa versión da historia (A guerra das Gálias) dí así: "Tódalas nacións galas estaban entregadas á superstición... ofrecían homes como vítimas ós deuses, ou facían o voto de se sacrificaren eles mesmos. Os ministros nestes ofertorios son os druídas, quen sosteñen que a ira dos deuses inmortais só pode aplacarse, e o home ser redimido, ofrecendo sacrificios humanos, e é unha parte das súas institucións nacionais tén solemnidades fixas (cerimónias) para este propósito".

As adoracións tiñan lugar neses días nas carballeiras ou nos círculos de pedra, coma Stonehenge. Os historiadores afirman que a práctica dos sacrificios humanos é "evidente" porque polos arredores de Stonehenge foron atopados máis de 350 túmulos funerarios con restos humanos.

Festa de disfraces e concurso de cabazas no CEIP Rosalía de Castro de Lugo

Como todos os cursos dende hai varios anos, vense organizando un concurso de cabazas, para celebrar a chegada do Samaín.

5ºB / LUGO

OS DISFRACES: A práctica de poñerse un disfraz na festa de Halloween ten a súa orixe na noite na que os druídas acendían o lume central no que tódolos demais debían ir prendendo o das súas lareiras. Durante ese ritual a xente levaba disfraces, feitos de cabezas de animais e peles, para asustar ós "malos espíritos". Tamén podían ser unha representación gráfica das pantasma e trasnos que axexaban na noite. Segundo a 11ª edición da Encyclopaedia Britannica, a xente levaba disfraces de animais para que os espíritos da xente que habitaba nos corpos dos animais non atacasen ós vivos, ó confundilos con outras bestas.



Festa de disfraces no noso colexio. Foto propia

TRUCO OU TRATO: ("Trick or Treat") Esta é unha frase que adoitan dici-los nenos que van pedindo lambetadas polas casas ó abri- las portas. Ten unha orixe baseada nas fadas que andarían polos camiños esa noite. Ademais das fadas, moitas persoas estaban fóra de casa, ocasionando danos. Como esta noite non pertencía nin a un ano nin ó seguinte, o pobo celta cría que o caos reinaba durante esa noite, e a xente adoitaba facer brincadeiras e bromas pesadas. Isto servía tamén coma saída final para os altos espíritos antes de que chegase a tristura do inverno.

Durante o decurrir destes sucesos, moitas persoas imitarían ás fadas e irían de casa en casa pedindo galanos. Fallar en subministrar algún regalo normalmente ocasionaría unha broma pesada para o dono da casa. Como as fadas estaban fóra esta noite, adoitábaselles deixar un pouco de comida ou leite nos chanzos da casa, e daquela o dono podería gañá-las benzóns da "boa xente" (os trasnos e fadas) para o ano vindeiro. Moitos dos donos tamén deixaban fóra unha soupa para os espíritos dos que marcharon.

James Napier dí no seu libro Holidays of Legend que os granxeiros irlandeses ían de casa en casa pedindo comida para os seus antigos deuses. Prometíase boa sorte para

todo aquel que dera un galano, pero ameazábase ós que non.

AS CABAZAS: Outro dos clásicos costumes é coller unha cabaza, deixala óca, e facerlle uns buratos que simbolicen uns ollos e unha boca cadavérica.

Logo se lles mete dentro unha vea prendida para iluminalas dende dentro. Nos Estados Unidos chámaselles "Jack-o-Lantern", unha verba de evidente orixe irlandesa,

pero ¿que sinifican?

Segundo a World Book Encyclopedia, son un antigo símbolo dun alma en pena.

Tamén corre a tradición de que o nome de "Jack-O-Lanterns" foi dado por un home chamado Jack, que non poido entrar nin no ceo nin no inferno, e polo tanto, andaba vagando na escuridade coa súa linterna até a fin do mundo. E os máis escabrosos din que a tradición provén dun antigo sinal para marca-

las casas daqueles satanistas na noite de Halloween.

O certo é que é máis creíble a versión que afirma que a xente que saía pola noite imitando ás fadas levarían ás veces nabos tallados representando facianas. Esta é a orixe do moderno "Jack-o-lantern".

Galicia resultou fortemente romanizada, polo que os máis importantes ritos celtas ficaron perdidos para sempre moi cedo. E



Concurso de cabazas no colexio. Foto propia

por se fora pouco, os restos de calquera sinal de paganismo foron borrados pola Igrexa cristiá e polas sucesivas ondas do Estado. A festa de Santos ten en Galicia un senso moi particular, iso non ten dúbida, pero sexa cal for, este lume senso é totalmente integrable nas mesmas tradicións cristiás de Castela e de todo o Mediterráneo.

Os veciños de Cedeira celebran a noite de Santos dende hai oito anos graziñas á recuperación do Samaín por parte da asociación cultural "Chirlateira" propiciando que centos de persoas, nenos na súa meirande parte, saian á rúa con cabazas talladas en forma de caveira cunha vela acendida no seu interior. A festa adoita comezar ó redor das cinco do serán e faise un percorrido polos callelos máis escuros da vila ó compás da música dun tambor.

No Concello da Illa de Arousa os nenos érguense antes de que saia o sol e percorren as rúas e tendas o día 1 de novembro pedindo cunha algarada tradicional:

"unha limosniña polos defuntiños que van alá".

VISITAMOS A CASA GRANDE DE XANCEDA

Un grupo de alumnos del CEIP Rosalía de Castro (Lugo) recibimos formación sobre as características do cooperativismo nunha visita á SAT Casa Grande de Xanceda.

NEFER, PAULA, PAU, KENDAL / LUGO

Os alumnos e alumnas de 5º de primaria fomos visitar A casa Grande de Xanceda, onde nos explicaron polo miúdo as características do cooperativismo e, tamén, visitamos acompañados de dúas monitoras as instalacións da Granxa de Xanceda. Foi unha visita moi interesante e aprendimos moitas cousas sobre as cooperativas e, a apreciar as diferencias que existen entre unha granxa de tipo ecolóxico doutra que non o é. Ademais das vacas, vimos tamén galiñas, cabras, ovelas, demos de mamar cun biberón aos terneiros e, mesmo soubemos que para espantar ao lobo aparte dos cáns, empregan aos burros que cos seus rebuznos fan saber que está cerca.

Esta granxa familiar nunha zona montañosa de Galicia e, na actualidade, é un dos líderes no mercado español de lácteos ecolóxicos. Co leite das súas propias vacas producen lácteos ecolóxicos de alta calidade. A granxa atópase situada na provincia da Coruña en Galicia, unha zona onde chove moitísimo grazas ao cal as vacas gozan de excelentes praderías. Casa Grande de Xanceda" adopta o seu nome dun antigo casarón do século XVII, situada na mesma granxa. A súa imaxe é o emblema da marca e alí é onde teñen as súas oficinas.

Foron Felipe e Vitoria Fernández-Armesto os que nos anos 60 fundaron a gandería. As primeiras 20 vacas trouxéronas en barco desde Canadá! Desde o principio Felipe e Vitoria preocupábanse polo benestar das vacas e crían nunha forma de gandería baseada no pastoreo e no non-uso de produtos químicos. Cos anos as 30 hectáreas de pastos e 20 vacas iniciais convertéronse nas 200 hectáreas e máis de 350 cabezas de gando coas que



Na Casa Grande de Xanceda



Mateo e Noa disfrutando cós animais. Foto propia

contan en casa Grande de Xanceda na actualidade.

Co cambio xeracional e en busca da supervivencia da explotación ante a caída dos prezos do leite en 2005 obtiveron a certificación oficial ecolóxico e iniciouse a transformación e comercialización de produtos elaborados coa propia marca.

A filosofía que rexe todos as súas actuacións é a procura incansable da calidade nos seus produtos, no servizo e a atención ao cliente, calidade no emprego e calidade de vida para o maior activo que teñen: As vacas.

Actualmente, na maioría das ganderías as vacas viven permanentemente no cortello e nunca chegan a ver a luz do sol.

En cambio, as vacas de Xanceda son animais felices. Non están atadas e saen todos os días a pacer aos amplos prados gozando do sol, do aire libre, e mesmo cando chove, da choiva. Levan unha vida sa e relaxada que lles permite vivir o dobre que unha vaca leiteira corrente. Ademais, os pastos son especialmente naturais xa que non usan nin herbicidas, nin pesticidas, nin

abonos de sínteses. Para manter a fertilidade dos chans só aplican os abonos orgánicos que xera a propia gandería. Así, a alimentación das vacas é completamente natural un requisito imprescindible para obter a certificación oficial de gandería ecolóxico.

Todos estes factores se aúnan para que en casa Grande de Xanceda prodúzase o mellor leite posible co máis alto estándar de calidade do mercado.

Xunto á Casa Grande levántase, respectando o estilo arquitectónico da contorna, o taller de fabricación de iogur. Nel aplican novas técnicas, co asesoramento en I+D+i da "Aula de Produtos Lácteos da Universidade de Santiago de Compostela". Todos os iogures elabóranse exclusivamente a partir do propio leite fresco ecolóxico de inmejorable calidade. Para que o iogur de alta calidade ecolóxico sexa tan cremoso utilizan para cada quilo de iogur todos os nutrientes de máis de case dous litros do leite que producen diariamente e quitan parte da auga por un sistema totalmente natural.

Así se logra conservar todas as vitaminas, proteínas, minerais, etc., sen ter que recorrer aos sólidos lácteos e outros aditivos de uso tan habitual en alimentos lácteos industriais.

Os iogures só teñen como ingredientes o leite fresco das propias vacas e fermentos naturais. Nada máis! Nos iogures de froitas unicamente engaden un preparado de froita natural ecolóxico.

E, a verdade e que despois de probalos, o único que podemos dicir e que están ... BOÍSIMOS!

Lugo, sumouse ao resto de cidades españolas e celebrou o día mundial do comercio xusto

Lugo aspira a converterse en la primera ciudad gallega “por un comercio justo”

HUGO, MATEO E SAMUEL / LUGO

Cidades de toda España celebraron este pasado sábado 13 de maio o Día Mundial do Comercio Xusto, que neste 2017 leva por lema 'Somos rebeldes con causa. Somos Comercio Xusto, e ti?'. Segundo informa a Coordinadora Estatal de Comercio Xusto, a plataforma española que agrupa a 27 organizacións que traballan en Comercio Xusto.

En concreto, en España celebráranse diversos actos en Andalucía (Cádiz, Córdoba, Huelva e Selecta), Aragón (Huesca, Teruel e Zaragoza), Castela-A Mancha (Albacete), Castela e León (Burgos e Zamora), Cataluña (Barcelona, Xirona, Lleida e Tarragona), Comunidade Valenciana (Alacante, Castelló e Valencia), Extremadura (Badaxoz), Galicia (Lugo), Illas Baleares, A Rioxa, Madrid, Navarra, País Vasco (Áraba, Guipúscoa e Biscaia).

O lema da campaña deste ano é: 'Somos rebeldes con causa. Somos Comercio Xusto, e ti?'. Debe ser un día para rebelarse polas desigualdades actuais, pero tamén para celebrar que existe unha alternativa posible para cambiar esa realidade. A pesar da diminución dos índices de pobreza, 836 millóns de persoas non teñen cubertas as súas necesidades básicas e a desigualdade é cada vez maior. Case o 80% da poboación só posúe o 6% da riqueza mundial mentres que o 1% máis rico posúe a metade da riqueza.

O movemento de comercio xusto leva case 60 anos defendendo que "outro modelo económico é posible", un modelo que "non se maximice o beneficio senón que se poña no centro ás persoas, os dereitos humanos e ao medio ambiente". Ademais, actualmente

APÚNTASTE Á LOITA?
máis de 20 anos de comercio xusto en Galicia

FEIRA DO COMERCIO XUSTO

LUGO, 14 DE MAIO


HORARIO de 11 > 20 h.

LUGAR Praza Maior

PARTICIPAN Grupo Lugo Xusta (Asemblea de Cooperación Pola Paz, Bico de Grao, Manos Unidas, Solidariedade Internacional, Taller de Solidariedade)

ACTIVIDADES

- >11,30-13,00: Obradoiro de cociña familiar (previa inscrición en lugoxusta@gmail.com Recomendase levar mandil)
- >13,00: Representación teatral
- >17,30: Conferencias sobre Comercio Xusto e Consumo Responsable



Cartel anunciador en Lugo. Foto propia



ACCP Galicia na Feira do Comercio Xusto

existen máis de 2.000 organizacións campesiñas, artesás e produtoras de alimentos en 75 países de Asia, África e Latinoamérica nas que traballan máis de dous millóns de persoas.

Se algo achega o comercio xusto é mostrar que é posible, neste mundo, xerar desenvolvemento económico nas comunidades máis pobres do mundo e, ao mesmo tempo, ser socialmente xustos e

ambientalmente sustentables.

Por iso, no Día Mundial de Comercio Xusto, as organizacións piden á poboación que se rebele fronte a estas inxustizas e que se festexe que outras alternativas son posibles. A celebración fíxose de forma simultánea en máis de 50 países do mundo e en máis de 70 localidades españolas organizáronse actividades infantís, exposicións, postos


informativos e de venda e outras actividades reivindicativas e lúdicas.

Ademais, lanzaron unha campaña nas redes sociais baixo o hashtag #RebélateConCausa onde convidaban aos usuarios a explicar que é para eles o comercio xusto.

Os compromisos da Axenda 2030 para lograr un mundo máis sustentable e inclusivo, inciden na

importancia de cambiar os patróns de produción de consumo "de maneira radical". "Un mundo máis xusto necesita novas formas de consumir e producir e hai que transmitir a cada cidadán que o consumir non só é un acto económico, senón tamén político, porque cando se elixe onde se compra e que se compra, está a decidirse que tipo de sociedade queremos.

En España, o consumo de comercio xusto en 2015 alcanzou os 35 millóns de euros, dous millóns máis que o ano anterior. Os produtos de alimentación representan o 93% das vendas mentres que os de artesanía un 5% e os de cosmética natural un 2%. Con todo, pese ao aumento no consumo, España continúa á cola respecto doutros países europeos onde o gasto medio por habitante e ano en comercio xusto é 16 veces maior.



"Neste momento, temos sobre 400 animais na Protectora"

Charlamos con Suso, veterinario na Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo.

DANI, NEFER E PAU / LUGO

Un grupo de alumnos e alumnas do Ceip Rosalía de Castro de Lugo, desplazámonos ata as instalacións que ten a Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo, para charlar e entrevistar a Suso, que exerce de veterinario alí.

P.- Por que elixiches ser veterinario da Protectora?
Porque me gustan os animais.

P.- Cantos animais hai na protectora?
Nestes momentos rondamos os 400 animais.

P.- Os cans que están na protectora en que estado están?
Algúns enfermos, case todos en bo estado.

P.- Desde cando levades recollendo cans que están na rúa?
Desde hai 30 anos.

P.- Cantas fórmulas hai para axudar aos cans?
Apadriñar, adoptar, acollida e de voluntario.

P.- Cal é a que máis se usa?
Adoptar e acoller.



Pau e Dani na Protectora con Suso

P.- Cantos voluntarios hai?
Hai 150 voluntarios

P.- Necesidades máis espazo para ter aos cans?
Si.

**APADRIÑAR, ADOPTAR
OU ACOLLER SON
FÓRMULAS PARA
AXUDAR NA
PROTECTORA**

P.- Os demais animais tamén están en bo estado?
Si.

P.- Que animal é o que máis che gusta?
Cans e gatos

P.- Cada canto tempo chegan animais?
Todos os días. Sobre, 70 cada mes. En concreto, hoxe chegaron 5 gatos e 3 cans.

P.- Estás contento co teu traballo?
Si, porque me gusta

P.- Canto tempo traballas?
Traballo seis días á semana.

P.- Cal é a enfermidade que máis teñen os cans?
Parasitosis, parvovirus e sarna.

P.- Cal é o can máis vello da protectora?
Manuela, 15 anos.

Moitas grazas por atendernos.

A Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo

Podes colaborar con ela apadriñando, adoptando ou de voluntario/a

Se che gustan os cans pero non dispós de tempo para ter un; se queres participar nunha caa solidaria ou, simplemente, mellorar a calidade de vida dun ser necesitado, o apadriñamento é a túa opción.

Apadriñar un can consiste en dedicar unha cantidade do teu tempo e unha pequena cantidade do teu diñeiro, mensualmente. A túa contribución significará para eles unha nova oportunidade para as súas vidas. A túa achega económica tamén contribuirá a mellorar o mantemento das instalacións e outras necesidades dos animais acollidos: comidas especiais, limpeza, medicamentos, etc..

Outra forma de colaborar activamente coa nosa Sociedade é a través da acción do voluntariado. Non é preciso estar ligado profesionalmente ao mundo animal xa que as nosas instalacións requiren do concurso de voluntarios para realizar outros moitos traballos en favor dos animais.


Desgraciadamente as instalacións da Sociedade non son as máis idóneas para albergar cachorros ou



Dani e Pau

animais adultos enfermos ou que, simplemente, precisen dunha adecuada socialización; de aí a necesidade de contar cunha rede de fogares nos que, en determinados momentos, os animais poidan ser desviados cara a unha familia en acollida temporal, para os seus cuidados ata o seu recuperación, total ou parcial.

O animal(é) en acollida seguen estando baixo tutela da Protectora polo que as persoas que os acollen temporalmente, deberán seguir fielmente as instrucións de tenencia que reciben do Servizo Veterinario e reintegrar o animal acollido cando así lles sexa demandado pola Sociedade.



O bosque da Fervenza, un pequeno segredo ao carón da cidade de Lugo

Carballos centenarios, charcas, lagoas, muíños, fervenzas, microclima, teares, ferreiros, muiñeiros,...

5º B/ Lugo

Unha pequena paraxe natural escóndese a escasos 15 quilómetros de Lugo. Ás beiras dun río Miño que nace a non moita distancia de aquí atópase o bosque da Fervenza, no corazón dun pequeno bosque repleto de especies vexetais autóctonas, aves e animais que representan unha mostra do bosque de inundación.


